



**ESTATUTOS DO INSTITUTO UNIVERSITARIO DE CIENCIAS  
NEUROLÓXICAS “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA”**

**TÍTULO PRELIMINAR**

**DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 1º**

O Instituto Universitario de Ciencias Neurolóxicas “Pedro Barrié de la Maza” (IUCINE), é un centro de investigación, docencia e especialización, que se crea por iniciativa e patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza “Conde de Fenosa”, configurado como instituto propio da Universidade de Santiago de Compostela (USC) (art. 10 da LRU) e Estatutos da USC.

**Artigo 2º**

O Instituto regularase no seu funcionamento e réxime organizativo por :

- a) A Lei de reforma universitaria
- b) Os Estatutos da USC
- c) O presente regulamento, que substitúe os estatutos do IUCINE (en vigor dende 1971), para adaptalos á lei vixente.

**Artigo 3º**

O Instituto poderá establecer relacións de colaboración con outros institutos, departamentos, centros e órganos de goberno da Universidade, así como con organismos competentes da Administración autónoma de Galicia e administracións locais, con institucións educativas, culturais e sociais do ámbito local, autonómico, estatal e internacional e cos institutos de similar configuración de outras Universidades, de acordo co art. 11 da Lei de reforma universitaria.

**DO PERSOAL DO INSTITUTO**

**Artigo 4º**

O persoal do instituto constitúeno :

- a) Os profesores e doutores do IUCINE que figuran como promotores deste regulamento (anexo I).
- b) Os profesores, axudantes e bolseiros da Universidade que desenvolven liñas de investigación encadrables no ámbito do IUCINE, trala aprobación da solicitude de ingreso por parte do Consello Científico.



## DA NATUREZA E OBXECTIVOS DO INSTITUTO

### Artigo 5º

Os obxectivos do IUCINE son :

- a) Promover, impulsar e desenvolver o coñecemento e investigación no campo das ciencias neurolóxicas
- b) A realización de actividades docentes, como estudos universitarios de terceiro ciclo e cursos de posgrao e mestrado
- c) En relación co punto anterior, a formación e especialización en ciencias neurolóxicas
- d) A realización de informes e asesoramento técnico a institucións, empresas e persoas nos ámbitos de competencia do Instituto
- e) A promoción e colaboración na organización de seminarios, debates, congresos, reunións científicas e actividades análogas, referidas á natureza e funcións do IUCINE

## TÍTULO PRIMEIRO. DA ORGANIZACIÓN

### Artigo 6º

O IUCINE terá órganos de goberno colexiados e individuais :

- a) Son órganos colexiados o Consello de Goberno e o Consello Científico
- b) Son órganos individuais : o director e o secretario

### Artigo 7º

O Consello de Goberno estará formado por :

- a) O rector da Universidade ou vicerrector en quen delegue, que presidirá e convocará
- b) O presidente da Fundación Pedro Barrié de la Maza “Conde de Fenosa” ou membro da Fundación en quen delegue.
- c) O director do IUCINE
- d) O secretario do IUCINE, que o será tamén do Consello de Goberno
- e) O director do CTT
- f) O director do FEUGA
- g) Os directores dos grupos de investigación do IUCINE.

### Artigo 8º

Son funcións do Consello de Goberno :



- a) Elixir o director do Instituto, a proposta do Consello Científico e propoñer o seu nomeamento ó rector e se é o caso, o seu cesamento mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros
- b) Elixir os directores dos grupos de investigación do IUCINE a proposta do Consello Científico
- c) Propoñer o orzamento e a programación do IUCINE
- d) Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica
- e) Informar sobre os contratos do Instituto
- f) Promover o financiamento e a dotación do Instituto
- g) Propoñer á Xunta de Goberno a incorporación ó Consello de Goberno de novos membros en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas
- h) Propoñer á Xunta de Goberno a modificación do regulamento do Instituto

#### **Artigo 9º**

O Consello Científico estará composto por :

- a) O director do IUCINE que o presidirá e convocará
- b) O secretario do Instituto que o será tamén do Consello Científico
- c) Os directores dos grupos de investigación do Instituto
- d) Unha representación proporcional do resto dos doutores integrados no IUCINE, elixidos entre eles, equivalentes a un 30% do total do Consello
- e) Unha representación dos licenciados non doutores integrados no IUCINE, elixidos entre eles, equivalentes a un 15% do total do Consello

#### **Artigo 10º**

Serán funcións do Consello Científico :

- a) Propoñer ó Consello de Goberno o nomeamento do director do IUCINE
- b) Propoñer ó Consello de Goberno o nomeamento dos directores dos grupos de investigación do IUCINE, unha vez oída a opinión do grupo
- c) Aprobar o ingreso ou o cesamento de novos membros de persoal científico
- d) Asesorar o director
- e) Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento do IUCINE e velar pola súa realización

#### **Artigo 11º**

As sesións do Consello Científico serán :



- a) Ordinarias : cun mínimo de dúas reunións ó ano, convocadas polo director que fixará a orde do día, asistido polo secretario. A convocatoria deberá efectuarse cunha antelación mínima de 4 días á celebración da sesión.
- b) Extraordinarias : sempre que o requira o cumprimento dalgunha das súas funcións, por iniciativa propia do director ou a pedimento do 20% dos seus membros. Serán convocadas polo director.

#### **Artigo 12º**

Na orde do día das sesións ordinarias deberán figurar como puntos : a aprobación da acta da sesión ou sesións anteriores e rogos e preguntas.

A orde do día deberá notificarse ós membros do Consello Científico con convocatoria e dende ese momento a documentación e información relacionada directamente cos asuntos da convocatoria deberá estar en poder do secretario e a disposición dos membros do Consello Científico.

Podrán presentarse propostas de inclusión ou modificación dos puntos da orde do día de acordo coa Lei das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 13º**

Para que a constitución do Consello Científico sexa válida, será necesaria a presenza da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e dun tercio na segunda, que se celebrará media hora máis tarde que a primeira.

#### **Artigo 14º**

Os acordos serán adoptados pola maioría dos votos dos membros presentes na sesión, sempre que o número de membros presentes non sexa inferior o 25% do número de membros de dereito do Consello Científico, excepto naqueles casos nos que a adopción do acordo requira unha maioría especial, debendo estar especificado na normativa aplicable.

#### **Artigo 15º**

- a) O director do Instituto será un profesor numerario en activo da USC, con dedicación a tempo completo e adscrito ó IUCINE
- b) O director será elixido polo Consello de Goberno a proposta do Consello Científico e nomeado polo rector
- c) O seu mandato será de tres anos e poderá ser reelixido

#### **Artigo 16º**



Corresponde o director do Instituto :

- a) Convocar e presidir as reunións do Consello Científico, executar os seus acordos e representalo diante do Consello de Goberno.
- b) Representar o Instituto no ámbito da súa competencia
- c) Elaborar as propostas de programación e orzamento do Instituto
- d) Redactar a memoria de actividades e a memoria económica
- e) Nomear o secretario
- f) Dirixir e coordinar as actividades do Instituto
- g) Autorizar os gastos do orzamento anual

#### **Artigo 17º**

O secretario será nomeado polo director entre os membros do Consello Científico.

Son funcións do secretario :

- a) Redactar as actas das sesións do Consello Científico e do Consello de Goberno
- b) Custodiar os arquivos e documentación do IUCINE
- c) Expedir as certificacións no ámbito da súa competencia
- d) Supervisar o labor do persoal administrativo e de servizos
- e) Auxiliar o director nas súas funcións

#### **Artigo 18º**

O Instituto poderá contratar, a través da USC e conforme ás normas establecidas, persoal titulado para exercer misións de investigación, docencia ou especialización.

Do mesmo xeito poderá ter persoal administrativo (a nivel auxiliar) subalterno adscrito a el polo Rectorado da USC como un máis dos destinos que poden servir dentro da Universidade.

### **TÍTULO SEGUNDO. DA ORGANIZACIÓN DO TRABALLO**

#### **Artigo 19º**

O Instituto desenvolverá as súas liñas de investigación a través de planos de investigación de todo o IUCINE, elaborados polo seu Consello Científico e mediante traballos individuais ou de grupo, que baixo a responsabilidade dos seus autores contén co informe favorable previo.

#### **Artigo 20º**



A actividade docente será coordinada por unha Comisión Delegada do Consello Científico, que elaborará as liñas principais dos seus programas de acordo cos fins do IUCINE. Estas actividades someteranse á aprobación académica pertinente para que forme parte da oferta docente da Universidade.

### **TÍTULO TERCEIRO. DOS MEDIOS MATERIAIS**

#### **Artigo 21º**

A instrumentación científica do IUCINE estará formada por :

- a) A adquirida con cargo os seus orzamentos e os seus programas de investigación
- b) A cedida en depósito pola Universidade

#### **Artigo 22º**

O orzamento do IUCINE será elaborado anualmente polo director do Instituto e os directores dos grupos de investigación e someterase á aprobación dos consellos Científico e de Goberno e, en instancia superior, á aprobación da Xunta de Goberno da Universidade.

#### **Artigo 23º**

Serán ingresos do Instituto :

- a) A contribución económica anual da Fundación Pedro Barrié de la Maza “Conde de Fenosa”, será a que anualmente fixe o Padroado da Fundación ó aprobar os seus orzamentos xerais
- b) As donazóns públicas e privadas
- c) Os beneficios que puidesen existir por actividades investigadoras e venda de publicacións
- d) Os ingresos procedentes dos concertos que subscriba o Instituto
- e) Calquera outra contribución económica que se derive das actividades do Instituto

#### **Artigo 24º**

Tódalas adquisicións que se deriven de concertos ou convenios, así como as doazóns feitas ou que se fagan ó Instituto, enténdense referidas á USC e adscritas totalmente ó cumprimento dos fins do Instituto.

### **TÍTULO QUINTO. DISPOSICIÓN FINAL**

#### **Artigo 25º**



## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Corresponderá ó Consello de Goberno do IUCINE, a facultade de interpretar o presente regulamento e dictar as normas aclaratorias.

### **Artigo 26º**

O presente regulamento poderá ser modificado, a iniciativa do Consello de Goberno do Instituto, mediante acordo da Xunta de Goberno da Universidade.



**ANEXO I**

Os profesores e doutores que figuran como promotores deste regulamento, e que constitúen o persoal actual do IU

CNE son :

Carlos Acuña Castroviejo : CAT. UNIV. (Dep. de Fisioloxía)

Miguel Gelabert González : TIT. UNIV. (Dep. de Cirurxía)

Manuela Lema Bouzas : TIT. UNIV. (Dep. de Medicina)

Manuel Noya García : CAT. UNIV. (Dep. de Medicina)

Francisco Reyes Oliveros : Prof. EMT. (Dep. de Cirurxía)

Rosa M<sup>a</sup> Reyes Santías : Doutora en Medicina e Cirurxía